

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS ÁS 11,30 H. O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2008.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as once horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo, Dna. M<sup>a</sup>. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- MOCIÓN CONXUNTA DO PSdG-PSOE, PP, EU-IU E IpMU SOBRE SUSPENSIÓN PROVISIONAL DA ARQUITECTA MUNICIPAL, DÑA. CARMEN PIÑEIRO LEMOS E DO POLICÍA LOCAL, D. OVIDIO TORRENTE LÓPEZ.**

**Sr. Alcalde:** Antes de entrar na orde do día do Pleno dicir que esta é unha continuación do Pleno que foi suspendido o outro día, e dicir tamén, tanto ás señoras e señores concelleiros e tamén ao público que, dadas as circunstancias que estamos vivindo neste concello, pediríavos a todos, aos concelleiros, ás concelleiras e ao público, que, por favor, os absteñades de facer algún tipo de comentario. Creo que os representantes dos veciños e veciñas de Mugaros estamos aquí todos, e todos fomos elixidos para representarvos e, polo tanto, estamos lexitimados para responder as preguntas que sexan necesarias, pero o público debe de absterse e facilitar o transcurso deste Pleno. Polo tanto non me gustaría, xa digo, ter que suspender outra vez o Pleno porque fraco favor lle facemos a Mugaros con estas cousas.

Entón, dito isto, se inicia o que quedou en suspenso do anterior Pleno e escomezamos coa moción conxunta do PSdG-PSOE, PP, EU-IU e IpMU sobre suspensión provisional da arquitecta municipal, Dña. Carmen Piñeiro Lemos e do policía local, D. Ovidio Torrente López. En todo caso, o relator que vai responder desta moción ten a palabra.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bo día a todos e a todas. Os portavoces dos grupos municipais PSdG-PSOE, PP, EU-IU e IpM, ao amparo da lexislación vixente, presentan a seguinte moción ao Pleno:

*“MOCIÓN:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O día 10 de decembro do ano en curso presentábase por rexistro no Concello un escrito no que solicitábase a suspensión cautelar de emprego e soldo ata que se dite sentenza xudicial para os traballadores Dña. Carmen Piñeiro, arquitecta técnica municipal, e para D. Ovidio Torrente, policía local.*

*O día 11 de decembro se acorda na Xunta de Voceiros solicitar un informe ó secretario do Concello sobre a suspensión provisional de funcións como medida cautelar ós empregados públicos.*

*O día 17 de decembro o secretario do Concello emite o informe, coas conclusións legais oportunas.*

*En base a este informe e sendo coñecedores de que a competencia para resolver esta cuestión recae na Alcaldía, si fose posible que actuara en caso de non ter que absterse, entendemos que dado o alcance social que transcende da suposta implicación dos citados traballadores nunha suposta trama urbanística, esta situación debe ser debatida no pleno do Concello.*

*Polo cal, ACORDA:*

*1.- Instar ao alcalde á suspensión provisional de D<sup>a</sup>. Carmen Piñeiro Lemos, arquitecta técnica municipal, como consecuencia dun expediente disciplinario por seis meses.*

*2.-Instar ao alcalde á suspensión provisional de D. Ovidio Torrente López, policía local, como consecuencia dun expediente disciplinario por seis meses.”*

**Sr. Alcalde:** A ver, eu facía mención ao inicio do debate neste Pleno que é unha continuación do que suspendemos, do Pleno que quedou suspendido, entón o que ven a Pleno é a mesma moción que estaba metida no anterior Pleno e na moción que está aquí di que debe ser debatida no Pleno do Concello, polo cal acorda a suspensión.

En todo caso, xa digo, eu non vou cortar nin o debate nin os acordos que queira tomar o Pleno, non vou impedir, á moción que está presentada aquí lle damos continuidade, se dixo que se quería debater no Pleno, polo tanto ábrese unha quenda de palabras para debater a moción, pero esta que está aquí.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Ben, eu só quero manifestar que estou facendo uso do compromiso político adquirido polo alcalde e que nos transmitiu o secretario de poder facer a modificación da moción, e así o fixemos, e a presentamos por rexistro.

**Sr. Alcalde:** Non, a ver..., o alcalde díxolle ao Pleno que non era, dende o punto de vista legal, que o Pleno acordara, o dixo no Pleno e o volve dicir hoxe, o que pasa é que tamén dixo que o normal é que o Pleno instara ao alcalde, pero eu non dixen que me comprometín a facer nada de que..., isto é unha continuidade, dende o punto de vista legal é unha continuidade do que quedou suspendido e é un pleno extraordinario e non se pode modificar o que estaba xa feito. A ver, non me nego, queredes instar ou acordar ou tal...? Pero sobre esta moción, o que está aquí.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Sí, a ver..., bos días a todos e a todas. Eu creo que, en primeiro lugar, o que está manifestando o alcalde agora reflexa que pouca confianza se pode ter na súas palabras, nós entendemos que é unha continuación do pleno do outro día, pero que había a vontade política, así manifestada polo alcalde deste Concello, de que si se modificaba e se poñía “instar ao alcalde” as súas competencias quedaban a salvo e o que facía o Pleno era tomar unha resolución no sentido de instar. Ben, non é así, hoxe di que non, e non é así.

En segundo lugar, a nós nos gustaría lembrar que quen fai a orde do día do Pleno é o alcalde, se o alcalde atopou algún defecto de forma debeu de non incluíla na orde do día do pleno

anterior e comunicarlle aos grupos que non a incluía por un defecto de forma. Pero eu creo que o fondo da cuestión non é ese, o fondo da cuestión é que o alcalde non quere debatela.

**Sr. Alcalde:** Non, non.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Eu non te interrompín, Barcia. E fundamentalmente non quere votala, e nos preguntaremos por qué. Primeiro, porque sendo competencia del, dende o tres de decembro o alcalde sigue en que “eu non sei nada”, sigue nesa posición. Polo tanto, o que non pode admitir o alcalde é a suspensión provisional da arquitecta técnica e do policía local porque ámbolos dous están na mesma querela que interpuxo o fiscal, e ese é o fondo da cuestión, Barcia, porque sancionar a Carmen e a Ovidio, en tradución política significa que ti tes que dimitir, e ese é o problema.

Pero eu te quero preguntar: O Alcalde, a partir de que esta moción ven subscripta por oito concelleiros e, polo tanto, pola maioría do Pleno, e pola maioría dos representantes dos veciños de Mugarodos, vai adoptar a decisión, que é a súa competencia, de suspender a Carmen e de suspender a Ovidio? Vai deixar o alcalde que esta moción se vote?

**Sr. Alcalde:** Imos ver, xa o dixen o outro día, eu non vou impedir que se vote a moción que se traía ao Pleno, non o vou impedir, esta, outra ou as que queirades traer porque, lóxicamente, si se trae unha moción e sae para debater no Pleno, polo tanto ten que votarse, e eu non o vou impedir, precisamente por iso, porque estou en minoría e non o podo impedir, outra cousa distinta é que se queira dar voltas á noria, como se di, si se quere dar voltas á noria pois damos voltas á noria pero partimos da base de que damos continuidade a un pleno que quedou suspendido, entón..., non vou impedir que si queredes acordar, que si queredes instar, eu iso non o vou impedir nin tampouco vou impedir o debate, pero vos recordo que así son as cousas e así se teñen que facer. Queredes votar instar? Queredes votar acordar? Queredes debater? Facédeo aquí, aquí estamos para iso e tamén che digo unha cousa, eu non vou eludir as miñas responsabilidades políticas cando sexa necesario admitilas, nestes momentos cada un é libre de votar o que queira, entendes? E non me poñas por diante si vou facer ou non vou facer, porque eu tampouco che digo a ti que é o que vas facer, entón, por favor, non leves a cousa a outro sitio, céntrate no debate da moción e vaíamos ao fondo da cuestión.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Bos días. Un pouquiño de tranquilidade, alcalde, que non...

**Sr. Alcalde:** Eu estou tranquilísimo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Que non saia a cousa de testo. Imos ver, certamente isto é un pleno que ven como consecuencia dunha suspensión do anterior, eu dubido que sexa unha renovación, porque isto é un pleno extraordinario e, polo tanto, ten outras consideracións, pero á marxe deso, certamente, o que aquí se ven a debater é unha vontade de asumir unha responsabilidade que se lle atribúe como Alcalde, iso é o que vimos discutir aquí. Claro, si o que se vai discutir aquí como consecuencia do debate de todos os representantes do pobo, como vostede di, é non acordar, non respectar o que aquí se vai debater, pois entón nos levantamos todos e ímonos, porque o fondo da cuestión é que aquí hai innumerables acordos

plenarios que non se cumpriron, poderíamos quitar unha lista infinita, pero indistintamente de que a vostede se lle inste ou non a facer algo que xa lle atribúe, eu non vexo tanta reticencia pola súa parte..., si a min me din que cumpra co meu deber pois eu encantado de que os grupos me digan que o meu deber é o que teño, pois moi ben, non se negue vostede ao que xa ten que facer. Non se lle entende moi ben.

Por outro lado, claro..., di vostede aquí que se están metendo nas competencias que se lle atribúen pola alcaldía, aquí ninguén quere atribuírse nin as competencias que se atribúen a vostede, nin ninguén quere tampouco que os órganos para os que estamos aquí representados fagan e teñan que facer e argumentar o que para iso se nos escolleu. Pero o debate de fondo, no que nós queríamos facer a cuestión é outro, a min me é igual que como transcendencia do pleno e do debate aquí se lle inste a vostede a facer as cousas que ten que facer ou non, dáme o mesmo exactamente, danos o mesmo. A pregunta que eu lle vou facer, para non ir polos cerros de Úbeda é a seguinte: Ten vostede vontade como alcalde, e, polo tanto, coas atribucións que a lei lle da, para sancionar aos funcionarios imputados? Ten vostede vontade para facer, adoptar vostede as medidas disciplinarias que lle corresponden, si ou non? Responda vostede, diante de todo o pobo, si ten vostede vontade de facelo ou non. E outra cuestión, si o vai facer, diga cándo. Esa é a pregunta que ten vostede, deixe de marear a perdiz e diga á xente si quere vostede adoptar as potestades que lle da a Lei ou se non o quere facer, diga vostede si o quere facer ou non. O demais será marear a perdiz e enganar á xente, diga si ou non, e cándo, porque non vai dicir si e non acordar, e non facelo, para quedar ben aquí e non facer nada. Responda simplemente a iso, nós con ese si ou ese non nos damos por satisfeitos, e non temos nada máis que engadir.

**Sr. Alcalde:** Ben, grazas, sr. Juan Domingo. Esa é a exposición de motivos da súa moción? Me refiro eu ao debate da moción, ou me está interrogando a min no Pleno?

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Eu fago uso da palabra que teño como representante do pobo.

**Sr. Alcalde:** Aquí non hai rogos e preguntas, aquí está preguntando...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Non, eu non estou preguntando. Sí, claro, vostede non quere dicir o que vai facer?

**Sr. Alcalde:** Pero esa é a cuestión da moción?

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Sí.

**Sr. Alcalde:** Non, para nada.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Dígao vostede aquí, si elude a resposta é que non, ben..., pois eluda a resposta.

**Sr. Bouza Rey:** Bó día, é difícil hoxe para o grupo municipal do BNG falar dun tema que a todas luces nos parece, en principio, desproporcionado totalmente. Eu vou empezar, nin en defensa nin a favor da moción, cun informe que me chegou aquí, o imputado inocente indefenso,

é sobre un enxeñeiro, criminólogo, estudante e non sei qué, e di, traducido: “Da mesma maneira que os secuestradores inducen o síndrome de Estocolmo nos secuestrados, os acusadores poden inducir algún outro tipo de síndrome no acusado antes, durante e despois do xuízo”. E quero empezar con isto porque parece que estamos nunha composición totalmente diferente ao que ten que ser unha corporación municipal e ante uns dereitos dunha xente, de dous traballadores deste Concello, dun traballador e dunha traballadora que, en principio, para nós, pensamos que teñen dereito á presunción de inocencia. Claro, despois de escoitar as palabras da portavoz do partido de Esquerda Unida eu me imaxinaba, ou nos imaxinábamos, que o problema era: imos imputar, imos utilizar a dous traballadores con todos os dereitos que teñen ao seu posto de traballo, como noutros concellos e como noutras empresas, na empresa onde traballo eu os podo asegurar que a día de hoxe e levan tres anos, levan imputadas vinte persoas, e tanto o comité de empresa, con todos os sindicatos, como a patronal, a ninguén se lle pasou pola cabeza que eses imputados tiveran que ir para a casa mentres tanto non saia un xuízo que os condene, pero hai..., o outro día o alcalde poñía un exemplo moi cerquiña de aquí, cunha persoa que traballa en urbanismo no Concello de Ferrol que a ninguén se lle ocorreu separalo do seu posto, porque si está condenado, pero aínda a xustiza, como non podía ser menos, lle permite que poida recorrer esa condena, ben, pois está traballando. No Concello de A Coruña máis do mesmo, no Concello de Madrid, con todo o urbanismo, con todo o tinglado urbanístico que houbo, parece ser que político non, en principio, pero todo o funcionariado que está imputado e saíu, saíu sen cargos, algúns están en prisión, outros non, están desenrolando o seu posto de traballo. E claro, aquí trece persoas..., a película esa “Trece homes sen piedade”, pois nos atrevemos a facer xuízos paralelos como xa dende un principio dixo o BNG, que para nada merecen primeiro esas persoas nin as súas familias. Pero imos máis alá, para que vaian castigados seis meses hai que abrir un expediente, e claro, un expediente..., me imaxino que se abrirá un expediente con cargos concretos e que vexa esta corporación no que están facendo mal; home, non fai moito tempo neste pleno se crea unha comisión de investigación, por certo, xa está nomeada, se crea unha comisión de investigación para investigar realmente o que pasou no Concello, porque aquí o equipo de goberno non sabemos de qué están acusados, ou alguén sabe, cando trae aquí de suspender, non sen emprego e soldo, como din os que..., porque o de menos..., estamos falando de salario, eh! porque van ir co 75% do salario e coas atribucións que lles da a lei, neste caso, porque claro, tamén pensei isto, dixen, o que fixo isto, de dar a posibilidade a unha corporación a castigar a traballadores, di “non vaia ser que teñamos alguén que se atreva antes de xulgar a ninguén castígalos e que vaian sen salario tamén para a casa”, sen ser culpables, en principio, de nada, con presunción de inocencia. Claro, van seis meses, pois dentro de seis meses, oxalá me equivoque, o proceso seguirá aberto, e como van seis meses, volverán ao choio, qué? Proponeremos ou fusilalos ou aforcalos nunha praza pública ou non sei qué proponeremos, porque seis meses están aí, pero claro, agora se ve o que se dicía ao principio, se ve o alcalde que tome a determinación de castígalos, porque como o alcalde tamén está imputado e claro, tamén, como non se pode pedir neste pleno que o alcalde se vaia para a casa, despois xa falaremos da outra moción, como se propón neste Pleno, di: Sr. Alcalde, vostede como castiga a dous traballadores, automaticamente dimita. Moi ben, o outro día tamén se dixo claro, aquí hai formas políticas de actuar, pero, por favor, as persoas, os traballadores, con todo o dereito do mundo e como está pasando en cincuenta mil empresas deste país, imos darlle unha marxe de confianza e cando sexan verdadeiramente, se é que son, culpables, xulguemos, non antes, e por iso, sr. Alcalde, o grupo político do BNG, si é..., xa non

sei como é, si é instar ou non instar, nós imos votar en contra de que calquera traballador, sen ningún dereito de defensa, vaia castigado. Moitas grazas.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Ben, case lle teño que pedir desculpas ao portavoz do BNG por facernos sentir culpables de que o alcalde, a aparelladora municipal e o policía municipal estean imputados nunha causa por presunto tráfico de influencias e outras cuestións, non?

O partido socialista, dende o inicio das investigacións da posible trama urbanística, en ningún caso, en ningunha declaración, en ningunha manifestación pública acusou a ninguén, sempre argüímos a que fosen os xuíces os que ditaminaren as posibles responsabilidades penais. Nós, en cada caso, o único que pedíamos era responsabilidades políticas polo que estaba a suceder, o único que fixo xuízos paralelos foi o alcalde, que nun medio de comunicación tratou de imputar a persoas con nomes e apelidos. Como digo, dende o primeiro día de que se escomezou a investigar, o partido socialista sempre manifestou o seu profundo respecto polas investigacións xudiciais, agardando que sexan os xuíces os que ditaminen, pero hai unha cousa que é evidente, estamos a falar de dúas persoas que teñen un traballo neste concello e que pola súa responsabilidade, presumiblemente, puideran seguir usando o seu traballo dun xeito irregular, non esquezamos que están imputados e, polo tanto, como medida preventiva, levamos a cabo a moción pertinente e volvo a repetir que non permito que nos fagan sentir culpables aos membros da oposición que, en ningún caso, estamos imputados en ningunha causa e en ningún xuízo que se ha de celebrar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Despois do alegato literario, que non o entendemos moi ben, ao mellor nolo pode explicar mellor o portavoz do BNG, pero iso o deixamos para outro día, o que si entendemos ben é que o BNG vai votar en contra, pola defensa dos traballadores, é un argumento como outro calquera, que agora lles vale. En todo caso, a imputación que teñen na querela é pola utilización do seu posto de funcionarios e non precisamente para o beneficio do Concello, pero xa que o sr. Bouza non sabe de nada, o sr. Barcia xa tiña dito que non sabía nada, pero el tampouco sabe de nada, ao mellor nos pode explicar, porque sairá, sr. Bouza, con quen fala vostede do recheo do Merlo, con quen fala vostede do estudo de detalle de Conchado, con quen fala vostede da obra de Silmacor, seguro que nolo pode explicar, e entón aí, ao mellor, tamén vemos por qué o sr. Bouza agora non quere prexudicar aos seus amigos, non aos traballadores, sr. Bouza, prexudica ao Concello de Mugardos e ao pobo de Mugardos para salvar aos seus amigos e para salvarse vostede, porque vai ter que explicar con quen falou do recheo do Merlo, obra denunciada neste Concello, a quen lle dou o recado vostede, a quen lle dou o recado vostede da obra de Silmacor, denunciada neste Concello, a quen lle dou o recado do estudo de detalle de Conchado, de que ía a Comisión de Goberno e os beneficios que traía metelo nesa Comisión de Goberno, verdade que o vai explicar, sr. Bouza? Sí? O vai explicar aquí e fora de aquí, o mesmo que o sr. Barcia, e ese é o motivo real, non a defensa dos traballadores, ese é o motivo real de por qué non se quere suspender a eses traballadores, porque non vaia ser que falen máis da conta, non vaia ser que falen máis da conta, e non vaia ser que a pesar de que todos vostedes sabían que tiñan o teléfono intervido, verdade, sr. Bouza? vaia saír máis do que sae xa nas conversas e no sumario, porque igual que o coñezo eu, o sumario, o coñece vostede, perfectamente ademais, e sabe vostede que aparece aí, o mesmo que aparece o sr. Barcia. Entón, digámolo todo, non veña coa defensa dos traballadores.

Polo tanto, a competencia de suspensión é do alcalde, iso é evidente, que é do alcalde, se vote ou non se vote hoxe aquí, xa sabemos cal é a votación deste Pleno, e a maioría deste Pleno di que se suspenda; si o alcalde non quere cumprilo non o cumprirá, pero tamén sabemos onde está posicionado cada un e probablemente así imos clarificando a situación, e en con respecto á dimisión do alcalde, nós xa a pedimos dende fai bastante tempo, por responsabilidade política, a ver si empezamos a distinguir o proceso xudicial da responsabilidade política.

**Sr. Alcalde:** Grazas, Pilar. Imos ver, eu o que vou intentar é sacar adiante as cousas coa menor tensión posible, non por querer ocultar algo nin moito menos, o que si pediría é que unha vez que os relatores fan a súa exposición de motivos, polo cal traen aquí a moción, unha vez sabida a posición tamén do grupo do BNG, en todo caso, eu terei que responder onde teña que responder, diante do meu partido, diante dos veciños e veciñas de Mugarbos, pero non diante de Esquerda Unida, nin tampouco do grupo do PSOE, nin de calquera outro grupo aquí representado, iso que quede claro. Eu terei que responder diante do electorado de Mugarbos e diante da miña organización política, non diante de Esquerda Unida ou diante do Partido Popular. Polo tanto, xa digo, unha vez feita a exposición de motivos e as posturas dos grupos aquí representados, se somete a votación a moción presentada.

**Sr. Bouza Rey:** Eu non pretendo facer xuízo aquí. Imos ver, soamente aclaración, lle podo asegurar, sra. Pilar, que durmo tranquilísimo, tranquilísimo, coa conciencia moi tranquila, e todas as conversas..., pode nomear máis, son con calquera, con calquera, digo con calquera, que teña unha obra pendente no Concello de Mugarbos, porque de momento, de momento, son o responsable político da comisión de urbanismo e xa lle digo, foi unha pena, porque xa se utilizou o meu nome, de imputado, durante quince días pola prensa, e máis por vostede, e máis por alguén máis aquí dos que están, verdade? aquí neste Pleno de que estaba imputado, pois ben, de momento non, pero si estou teño a conciencia moi tranquila e teño e terei que declarar, e terei que declarar onde mo digan, pero non utilice de que nós agora de que utilizamos aos traballadores para tratar de salvarnos nós, a conciencia é o que vale, e no meu caso, moi tranquiliña.

E con respecto ao do sr. Juan non nos pida desculpas a nós, pídalle desculpas aos que quere castigar seis meses.

**Sr. Alcalde:** Ben, pode pechar o relator da moción.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Só dicir que Julián Muñoz tamén se consideraba inocente e tamén dixo que durmía tranquilo e, en todo caso, o alcalde non ten que respostar ao BNG, ten que respostar ante os tribunais de xustiza.

E para rematar, eu creo que o primeiro interesado en que esta moción prosperara debía de ser o propio alcalde, para salvagardar ao Concello de Mugarbos e para defensa do Concello, e eu lle pediría que a sometera a votación aínda a sabendas de que é competencia do alcalde.

**Sr. Alcalde:** Non, non, si xa o dixen antes, que pasaba a votarse a moción e dicirille... ben., que as comparacións son odiosas, pero creo que non teño bigote e a miña muller non se chama Pantoja.

**Sr. Bouza Rey:** Se refería a min.

**Sr. Alcalde:** Ben, en todo caso iso, non teño bigote e a miña muller non é a Pantoja. En todo caso, iso. Se somete a votación a moción presentada no pleno de hoxe.

Rematado o debate, polo sr. alcalde sométese a votación a moción obrante no expediente e o Concello Pleno, por oito votos a favor (3 PSOE, 3 PP, 1 EU-IU, 1 IPM), catro votos en contra (4 BNG) e unha abstención (1 sr. Alcalde), acorda prestar a súa aprobación á devandita moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- A suspensión provisional de D<sup>a</sup>. Carmen Piñeiro Lemos, arquitecta técnica municipal, como consecuencia dun expediente disciplinario por seis meses.

2.- A suspensión provisional de D. Ovidio Torrente López, policía local, como consecuencia dun expediente disciplinario por seis meses.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Cómo quedou o resultado da votación?

**Sr. Alcalde:** Oito votos a favor, non?, catro en contra e unha abstención.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Polo tanto, queda aprobada a moción?

**Sr. Alcalde:** Queda aprobada a moción, si, si, a moción que ven aquí, a moción que está aquí.

## **2.- MOCIÓN DOS PORTAVOCES DO PSdG-PSOE, PP, EU-IU E IpMU SOBRE REVOGACIÓN ACORDO CONCESIÓN DEDICACIÓN EXCLUSIVA AO SR. ALCALDE.**

**Sr. Alcalde:** O relator da moción ten a palabra.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Nós, dado que xa temos o informe da interventora e o informe do secretario e, polo tanto, xa está completo o expediente, entendemos que a proposta é perfectamente legal, pero de principio queremos facer unha modificación, que tamén é legal, e é retirar o punto 2 da moción que di textualmente: “Que se indemnice por asistencia ó Concello ó alcalde, cunha asignación económica diaria, de luns a sábados, ambos inclusive, con 40 € diarios” e só deixar o que é competencia do pleno que é revocar a dedicación exclusiva da alcaldía. E non é por ningunha vinganza, nin persoal nin política, como se chegou a dicir nalgún medio de comunicación; é porque o alcalde, reiteradamente, incumpre o que son as súas funcións, a pesar de ser o primeiro alcalde da historia de Mugarodos que ten a dedicación exclusiva, o cal nós tampouco nos opoñemos a que a teña se cumpre coas súas obrigas, pero non cumpre coas súas obrigas nin ao convocar os plenos, como pasou no de decembro, mentres está tomando café nunha cafetería coñecida de Mugarodos, nin cumpre cos seus compromisos en canto á convocatoria das comisións, nin en canto ao traslado de expedientes, nin en canto á complementación dos expedientes de pleno, nin en canto a darlle a documentación que os concelleiros piden en tempo e forma, senón que as deixa morrer no seu despacho.

En todo caso, sen que teña nada que ver co punto anterior e non se pode vincular, de ningunha das maneiras esta moción co punto anterior, aínda que sexan coincidentes no tempo, os

grupos políticos Partido Socialista, Partido Popular, Esquerda Unida e Independentes por Mugardos propoñen a este pleno, que á a súa competencia, que revoque o acordo plenario do día 3 de xullo do ano 2007, tomado no punto da orde do día número 9, referente ás atribucións, asistencias, indemnizacións aos membros da corporación no apartado a) da proposta: dedicación exclusiva alcalde: retribución anual: 30.000 € pagadoiros en catorce mensualidades.

**Sr. Bouza Rey:** Ben, máis do mesmo. Empeza a intervención a portavoz da moción dicindo que non é nada persoal nin político, non, non é nada nin persoal nin político, é intentar recortar ao alcalde, neste caso, a atención, que xa poñemos enriba da mesa que non se lle vai recortar por moito que queira a oposición, e que realice o seu traballo..., sindicalmente se lle di contratos lixo, destes de 40 euros ao día, non sei qué, non sei canto, que tanto nos opoñemos noutros foros e que..., ben, que se di que non convocou un pleno, e que non fai nada, e que non sei qué máis. Non fai nada..., fai seis meses tivo o BNG mil trescentos e pico de votos, que a maioría de mugardeses e mugardesas optaron por unha opción e por un alcalde que querían que gobernara; entón non é un recorte ao alcalde de hoxe, afortunadamente..., non é que sexa millonario, nin que teña moitos cartos, pero lle falta moi pouquiño tempo para lograr o seu retiro, pero si un recorte ante a oposición política que pode vir detrás do alcalde. Si aquí imos seguir mantendo ou pensando que os que se teñan que dedicar á política, sexan prexubilados ou sexan xente que non se poidan presentar polos seus postos de traballo, estamos apañados, pero máis alá, noutros concellos onde se ten maioría, pois nos poñemos salarios que duplican os que se están cobrando nos traballos que realizamos, duplican a cantidade, e, claro, aí non incumpren todo; segundo a oposición, por certo, do partido popular e de Independentes por Ferrol, se tiveran potestade, pois tamén, hala, nin duro e para o choio, e o que non poida, pois que vaia para o Concello.

Pois nós, e o alcalde, se lle poña o salario que se lle poña, pois vai seguir traballando para Mugardos e explicaremos, e xa o saben moitos deles, que a oposición o que quere é que o alcalde non estea para atender ao pobo, que estea tres horas, de doce a tres, é un horario bo, de doce a tres, e o resto, o resto das vinte e unha horas que está dedicándolle a todos os veciños e veciñas de Mugardos, pois que veña gratis, ou que poña unha gorra, como xa lle dixemos algúns, aí no Concello, de sete da tarde a nove da tarde, e que pida, porque isto, dende logo, non será ataque político, non será ataque persoal, pero entón non sabemos o que é, pero vai dar voltas, outros serán alcaldes, e non vai haber este problema, non vai haber este problema. Pero, en fin, as conciencias de cada un están aí e nós o que pensamos é que é un ataque, non á dignidade política, senón á dignidade política de todos os grupos, non do grupo do BNG, de todos os grupos e tamén á dignidade persoal.

**Sr. Alcalde:** Ben, antes de entrar..., de darlle a palabra á portavoz, á relatora da moción, eu quixera clarificar unhas cantas cousas, porque a verdade é que a veces en política a algúns políticos lles vale todo, non a todos, pero algúns si, e se fai mención, por exemplo, a que non convoca os plenos o alcalde, ben, pois para clarificar un pouco ao público, por lei os Concellos do tamaño de Mugardos están obrigados a facer un pleno cada dous meses, por lei, é certo que hai un regulamento interno aprobado por este Concello e se fai un pleno cada mes, o cal duplica o que obriga a lei, pero é máis, eu teño aquí un estadillo dos plenos que se fixeron, das comisións que se fixeron durante o ano 2007, que estamos aínda empezando o 2008, e se vai ver claramente que os relatores da moción non din a verdade. Dicía que estamos obrigados a facer doce plenos

ao ano, polo regulamento interno, e por lei serían seis, ben, no ano 2007 se fixeron vinte e catro plenos, vinte e catro plenos, o dobre do que marca o regulamento interno. Tampouco se convocan comisións, din? Ben, pois na comisión de urbanismo se fixeron 30 comisións, 30 comisións, perdón, na Xunta de Goberno, 30; a comisión de urbanismo, 23; a de obras, 8; a de facenda, 10; a de benestar, 11; a de cultura, promoción económica, que van xuntas no ano 2007, 13, e a de contas, 1, e de portavoces, 10. Polo tanto, o alcalde non fixo deixadez, non deixou de convocar plenos, convocou o dobre do que tiña que convocar, as comisión, xa digo, se convocaron igual, e, polo tanto, non é verdade de que non se convoquen os plenos. É certo que o pleno de decembro non se convocou, e non se convocou porque aquí no pleno están presentes dous funcionarios de carreira que teñen que estar presentes nos plenos e no mes de decembro, por lei tamén, que teñen dereito a coller días de asuntos propios, pois estaban de días de asuntos propios e non había funcionarios de carreira para facer o pleno e é máis, antes, tanto no mes de agosto como no mes de decembro non se facían os plenos e non pasaba nada, non deixaban de facer..., non facían deixadez de funcións os alcaldes anteriores, pero ben..., agora parece ser que o alcalde actual pois ten que ter o listón máis alto porque a oposición, maioritariamente, así o demanda.

Eu quería dicir tamén unhas palabras porque creo que non é para defender, como dicía antes o portavoz do BNG, a dedicación exclusiva nin moito menos, afortunadamente e desgraciadamente tamén ao mesmo tempo, a min non me fai falta diñeiro porque me sobra o que teño, traballei, estiven fóra, e traballou a miña muller, traballei eu, e temos un diñeiro, pero gañado con suor, polo tanto a min o diñeiro do concello..., pero eu penso que calquera grupo de esquerdas, e eu me honro de pertencer a un, e como sindicalista que fun, sempre defendín o dereito dos traballadores a un salario e eu estou aquí facendo un traballo, eu son un traballador ao servizo do pobo de Mugardos, e, polo tanto, se son un traballador teño que reivindicar un salario, non para min, senón para os que veñan despois, porque considero que o posto de alcalde é un traballador ao servizo dos veciños e veciñas do seu concello, si é consciente de que ten que traballar para o concello, agora aquí poden vir xentes que veñen a pasar o tempo, como viñeron algúns, pero a min me teñen que xulgar polos feitos e os feitos o demostran; non se pode recorrer con artimañas, que creo que son de baixeza, non?, a máis ruín, ademais, recorrer aos mesmos métodos dos que teñen a forza, e vós tedes a forza neste pleno, efectivamente tedes a forza porque sodes a maioría, pero a forza bruta tamén a utilizan outros, co afogamento económico, con illamento, outros que os condenamos a cotío, cando condenamos o bloqueo de Cuba, se nos enche a boca, cando condenamos o bloqueo que está sufrindo Palestina, cando condenamos o bloqueo que está sufrindo o Sáhara, e ademais dicimos que eses métodos son métodos fascistas, non? Non o dicimos? Dícímolo, Bush é un fascista, está acosando aos cubanos, están acosando a tal..., tumba que dálle, non? Ben, está utilizando a forza con eses métodos. Eu creo que o que se demostra é unha verdadeira pobreza intelectual, creo que se demostra..., pois iso, un pouco de envexa cara ao adversario político, porque non se foi capaz de derrotalo nas urnas. A min me terían que xulgar os veciños e veciñas de Mugardos e dicir que si está ben ou está mal, que no tempo que fun eu alcalde ata agora, si está ben ou está mal ter conseguido unha escola infantil municipal que non tiña o pobo, que digan si está ben ou está mal ter conseguido o local do antigo cine Zárate para facer un Centro de Día para as persoas maiores, que o necesitamos, si está ben ou está mal ter conseguido unha piscina climatizada para o Concello de Mugardos, ter conseguido a seguridade viaria nas estradas autonómicas..., creo que a un alcalde se lle debe de xulgar por eses feitos e non porque non convocou o pleno do mes de decembro, pero tampouco

pasa nada, xa digo, está lexitimado este Concello Pleno para tomar un acordo e si o considera oportuno, pois revocar ese acordo e non pasa nada, pero que non se diga que non se convocaron, porque aquí está, aquí se leva conta de todo o que se fai porque se paga por elo, hai que dicilo tamén, se paga, cada asistencia a pleno son 120 euros, e se fixeron, e se fixeron, xa digo, 24 plenos cando por regulamento interno son 12 e por lei serían 6. Polo tanto a oposición non debe ter queixa porque se fixeron 24 plenos, cada concelleiro e concelleira cobra 120 euros por asistencia ao pleno, o alcalde non cobra, eh? Cobra a súa dedicación.

Ben, en todo caso, aclarar isto porque me parece que é necesario que cando se falan as cousas que se clarifique todo. En todo caso, pois ben..., xa digo, un pouco como aclaración, e xa digo, o dixeran ao principio e o volvo a dicir, non imos rexeitar o debate nin tampouco os acordos que se acorden neste concello, e dito isto continuamos e lle damos a palabra ao poñente da moción ou..., sr. Fariña, ten a palabra.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Bos días, primeiro unha clarificación que eu creo que é bo, dado que está escoitando moita xente, que teñamos claro algunhas cousas. É certo o que di o alcalde en canto ao número de comisións e número de plenos, é verdade, o que ocorre alcalde, é que te esqueces, seguramente sen querer, de que tanto en plenos como en comisións, hai moitas delas, no tema de plenos, once foron ordinarios, e trece extraordinarios, e a competencia nos extraordinarios, tanto no pleno como nas comisións, son responsabilidade do grupo de goberno, entre outras cousas porque ao meu entender se fixeron moitos innecesarios e mal. Pero vaia por diante que eu entendo que esta medida é transitoria, que depende fundamentalmente, creo eu, dun cambio de actitude do alcalde, para que a dedicación exclusiva volva a ter os cauces que debía de ter, entre outras cousas porque foi aprobada co asentimento, e nalgúns casos co voto, de todos. Claro, un cambio de actitude que, por certo, alcalde, non se ve hoxe aquí. Eu creo que o portavoz do BNG con claridade plantexou un desprezo ás regras de xogo tremendo, afirmou que non se vai facer nada de calquera maneira, é a súa introdución, está gravado. Os alegatos a favor das dedicacións exclusivas eu creo que non é tema de hoxe, o dixeran antes e o sigo mantendo agora mesmo, eu estou, e creo que todos, estamos a favor das dedicacións exclusivas; a miña consideración, despois do de hoxe, non tiña pensado moito intervir, é que o alegato do portavoz do BNG respecto á súa defensa foi burdo e ineficaz, e como se di vulgarmente, neste caso eu creo que si se pode dicir, sr. Bouza, é mellor que non o defenda que o afunde. Nada máis, moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Grazas Fariña. Juan Domingo, por favor.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Imos ver unha cousa, certamente se dixo aquí e eu tamén o vou reiterar que isto non conduce a..., non é ningunha persecución persoal contra o alcalde de Mugar dos Reis nin é unha represalia nin son cousas que se dixeran por aquí e por alí, tampouco me parece lícito vincular os resultados electorais ao soldo do alcalde, porque eu creo lembrar que no programa do BNG non viña o soldo de alcalde, e os votantes non votaron o soldo de alcalde, tampouco votaron o desastre urbanístico que ten Mugar dos Reis, iso non o votaron os votantes nas municipais, iso me parece unha demagogia barata e ademais non está á altura de vostede como alcalde, iso en primeiro lugar.

En segundo lugar, aquí ninguén está cuestionando que un alcalde debe ter a dedicación exclusiva, porque si alguén o tivera feito, vostede xa non a tería dende o momento en que foi

alcalde, e a tivo ata o día de hoxe, polo tanto ninguén pon en cuestión esa vontade, o que a min me parece normal é que, home, si vostede di que atender ao pobo supón incumprir acordos plenarios, non executar sentenzas xudiciais, dicir que o elevado número de comisións e de plenos ten como consecuencia ter contenta á oposición, de ter unha piscina que me pode vostede dicir onde é porque eu non sei onde está, primeiro era un castro, logo foi un cable, é unha vergonza, non hai parque empresarial, iso tamén é vontade do alcalde, non hai local de maiores, ensineme onde está, non existe local da agraria en Franza rehabilitado, non está, non existen medidas concretas de control urbanístico, onde están despois do que sucedeu aquí? Onde están as medidas que o goberno do BNG tomou para que isto non suceda nunca máis? Onde están? Eu non vin ningunha. Non existen propostas concretas de modificación sobre o plan de urbanismo, se di que hai que adaptalo, díganme vostedes en qué, cómo, detallen o qué, non se concretou nada. Fíxese vostede nun dato que é bastante relevante, con tantas comisións e tantos plenos, canta ineficacia, iso tamén chama a atención, ou é que acaso un alcalde eficaz ten que concorrer a tantas decisións para non chegar a ningún acordo? Non o sei. Por outro lado, non lle quepa dúbida de que certamente a lexislación di que polo número de habitantes o Concello de Mugardos tería que ter un pleno cada dous meses, pero é que non me cabe dúbida de que si pola súa vontade fóra, non habería ningún, ningún, porque a oposición está aquí para molestar, está aquí para evitar que Mugardos progresa, como se dixó moitas veces, está para obstaculizar o progreso en Mugardos, etc., etc.. palabras que se está vendo co tempo que non son máis que poñer a cada un no seu sitio. Eu creo que cada un terá que facer a súa valoración, cando a xente vaia á súa casa e reflexione sobre o que aquí se falou terá que ver si Mugardos certamente mellorou coa súa dedicación exclusiva ou si é como consecuencia doutras cousas. Iso terá que facer tamén a reflexión a xente.

E por outro lado queda claro tamén que igual que vostede ten responsabilidades e ten un traballo ben remunerado, que ninguén o está poñendo en cuestión nin ninguén o puxo nunca, eu creo que iso non se puxo sobre a mesa, o que se puxo sobre a mesa é si facendo o que vostede fai, que cambiou a forma de facer, e non corresponde coas maneiras máis democráticas de chegar aquí e acordar cos grupos que estamos aquí representados, a chegar a un acordo, polo ben de Mugardos precisamente, porque nós nunca nos negamos polo ben de Mugardos, aínda que nos podan achacar vostedes o que vostedes queiran, sempre que foi bo o apoiamos, ben... pois baixo esa consideración pois me parece moi ben que faga vostede a valoración que queira, pero iso non é verdade, e vir aquí agora a dicir que a oposición vimos de peseteiros aquí, a cobrar ou non cobrar, home, si vostede fai o alegato de que vostede necesita unha dedicación, loxicamente para..., como di o portavoz do BNG, si vostedes non queren converter isto nunha..., ben, en prexubilados e xubilados que tomen as rendas do tema, a min me parece correcto que cada un teña a dedicación que lle corresponda e iso ninguén o cuestionou, pero o que estamos cuestionando é: Debe cobrar o alcalde por algo que non fai? Iso é o que estamos debatendo aquí e non só non o fai porque non quere, que é grave, non o fai porque non é capaz de chegar a acordos coa oposición e iso é así, e a maneira, creo eu, dun alcalde que está en minoría, non é tomarse o Concello como a casa de un, ou non ter autoridade, ou unha prepotencia que implique xustamente o contrario do que debe facer; home, un cando está en minoría e sobre todo sendo un pouco hábil vostede, sabendo que se pon en xogo tamén o seu soldo, sexa vostede un pouco máis hábil e colabore máis coa oposición, coa participación dos que estamos aquí. Agora, ben, se nin sequera neso sabe vostede manexar a situación entón, pois mira, levantamos o chiringuito e ímonos. De todas maneiras, isto, repito, non é como consecuencia de ningunha vinganza persoal,

isto é como consecuencia dun desastre na gobernabilidade de Mugar dos, que está, baixo o noso punto de vista, en grave perigo e que haberá que tomar medidas máis concretas. Nada máis.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Ben, eu lle pediría ao alcalde que non utilice a demagogia cando compara a actitude da oposición con certos gobernos autoritarios e fascistas. Dende a chegada, afortunadamente, a este país dos concellos democráticos, o único alcalde que gobernou por decreto lei foi o alcalde do BNG. Eu quero dicirlle que si neste concello o alcalde ten dedicación exclusiva se debe a que todos os grupos da oposición o consideraron oportuno e, dende logo, o partido socialista vai defender sempre que este Concello teña un alcalde que cobre unha remuneración pola súa dedicación exclusiva; o que non podemos permitir é que o alcalde se pase a monteira e non teña en conta e non lle dea participación á oposición.

Como el ben dicía no regulamento interno temos doce plenos anuais, non convoca os plenos que si están estipulados e pola contra convoca máis plenos extraordinarios que os ordinarios, moitos deles innecesarios, cando os temas podían ir perfectamente a plenos ordinarios, iso non é culpa da oposición, senón da ineficacia do alcalde. Eu só lle quero dicir que dende o partido socialista seguimos estando a favor de que este concello teña un alcalde que si ten unha dedicación exclusiva sobre unha remuneración, de vostede depende que este pleno revoque esta medida.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Ben, para pechar, só un par de consideracións; en primeiro lugar, o sistema electoral do que nos temos dotado é que os alcaldes elixen concelleiros, e os concelleiros elixen alcalde; polo menos polo de agora, e o alcalde de Mugar dos obtivo a alcaldía por ser a lista máis votada, pero eu creo que iso ninguén o discute, ninguén o puxo en solfa. Certo é que hai que destacar que só saíu cos votos da súa organización pero tamén, o digo porque podemos dicir que Feijoo debería ser o presidente da Xunta, polo razoamento que acaba de facer Bouza, porque o PP foi a lista máis votada en Galicia, e eu creo lembrar que é Touriño, e o vicepresidente Quintana, dáme a impresión, e é tan legal o un como o outro, dentro do marco constitucional.

O alcalde ten dedicación exclusiva nesta corporación e na anterior porque o decidiu o Pleno do Concello, nin máis nin menos, nin nesta corporación nin na anterior corporación o alcalde podería ter a dedicación exclusiva si o Pleno da Corporación non o houbera aceptado por maioría que non tiña o BNG, o mesmo que se deu unha dedicación parcial a alguén do partido socialista cando estaban cogobernando, nin máis nin menos. E eu creo que as organizacións políticas, e aquí se manifestaron os grupos municipais, non cambiamos de opinión.

En canto á convocatoria de plenos, a convocatoria de plenos lle corresponde ao alcalde, lle corresponde a convocatoria e a orde do día, como así se demostrou neste pleno e no anterior, verdade? Se convocaron 23, di o alcalde, pero quizás pode dicirnos os extraordinarios a orde do día que contiñan e a ver si seguramente en boa parte deles aparece que os acordos que se toman, irremediamente teñen que ser por decisión de pleno e o goberno municipal non pode facelo doutra maneira; é dicir, probablemente os plenos extraordinarios que se convocaron é porque legalmente se esixía un acordo do pleno para poder tomar eses acordos, probablemente, e a oposición, estou segura de que si os mira, non impediu que ningunha desas posibilidades de petición, ou moi poucas, quedaran paralizadas no Concello, seguro tamén. Por qué tantas comisións? Ben, en realidade non se convocan as que marca o regulamento, o alcalde di 23 comisións de urbanismo, a periodicidade das comisións de urbanismo é unha cada quince días,

doce por dous, vinte e catro, cobramos cada concelleiro 60 euros no 2008, porque aquí como se di todo o imos dicir, que é público ademais e notorio; obras, 8, regulamentado o ano 2007, unha ao mes, faltan catro, cada concelleiro cobra 60 euros por asistir; facenda, dez, regulamentado unha ao mes, doce meses, doce, cada concelleiro cobramos 60 euros por asistir; servizos sociais, unha ao mes, convocadas, once, cada concelleiro cobramos 60 euros por asistir; cultura, convocadas trece, unha de máis, e xunta de portavoces, regulamentado unha cada mes, se convocaron dez, e se cobran 100 euros por asistir e 120 por asistencia ao pleno, a maiores do que está regulado en dietas e quilometraxe que cobra o equipo de goberno e non os da oposición salvo, quero lembrar, un día que asistimos todos a Santiago, que se cobraron todos, creo lembrar, e que así é xusto dicilo e así está estipulado e creo que é a regra de xogo para todos. Polo tanto, non imos entrar, creo, neste xogo. Ademais, eu creo que previo a esta medida por case todos os grupos municipais en Xunta de Portavoces e en Plenos se lle lembrou ao alcalde a obriga de convocar os órganos, falouse co alcalde de que non se estaban convocando as comisións informativas, o alcalde comprometeuse a que si non as convocaba o seu presidente, a convocalas el, non é así, e esas son as regras de xogo que nos marcamos; polo tanto, non se nos diga que é revancha, é un incumprimento das súas funcións cara aos grupos municipais, eu aquí non estou sometendo ao alcalde a unha moción de confianza sobre a súa xestión, porque entón entraríamos noutro debate, entón entraríamos noutro debate. A posición do noso grupo é clara, no momento en que o alcalde cumpra co que ten que cumprir porque o pleno de decembro, na proposta do BNG ao principio xa viña que non ía ser convocado, despois no propio pleno de constitución da corporación, nese pleno de 3 de xullo, se emenda a si mesmo e di que si, despois de pactalo coa oposición, pois houbera sido bastante fácil que si había dous funcionarios habilitados que teñen que estar no pleno, houbera falado cos portavoces de maneira informal, sen convocar a Xunta de Portavoces, para que cada un cobráramos os cen euros, nolo houbera manifestado, houbéramos cambiado o día e non houbera pasado nada, porque se fixo máis veces, o que hai que ter é vontade; polo tanto, nós, cando cumpra, estaremos en condicións de concederlle ao alcalde novamente a dedicación exclusiva e de debater todo o que sexa necesario debater en torno ás remuneracións do equipo de goberno.

**Sr. Alcalde:** Sen querer facer máis debate porque está máis que explicado todo, antes de pasar a votación a moción, dicir que a oposición pode dicir que non se convocaron os plenos, eu sigo insistindo en que o fondo da cuestión non é que non se convocara un pleno ou que se deixara de convocar unha comisión, creo que ese non é o fondo da cuestión que se está debatendo aquí, e cando se fala de ineficacia pois eu dicir que, efectivamente, non estamos facendo unha moción de censura aquí agora mesmo, porque non se está debatendo iso pero estase dicindo que hai unha ineficacia por parte do alcalde, eu soamente dicir unha cousa, a miña ineficacia significa que durante os catro anos que estiven de alcalde xestionei once millóns de euros para o Concello de Mugardos, xestionados, once millóns de euros, que se di así moi pronto, polo tanto, si iso é ineficacia, que veña Deus e que o vexa. En todo caso, dicir que, como alguén recordaba á portavoz de Esquerda Unida, e creo que Independentes por Mugardos tamén, hai mecanismos legais que o mesmo que o Pleno pon un alcalde, coa súa abstención ou co seu voto a favor, pois hai mecanismos tamén para quitalo e, polo tanto, creo que si o alcalde que hai en Mugardos é ineficaz porque non xestiona cousas para Mugardos ou porque non convoca ningún pleno pois se pode quitar cando se queira; entón, iso non é tampouco dicir..., que se veña aquí e por qué non se convoca un pleno ou dúas comisións que se poida dicir que o alcalde é

ineficaz, que non fai as cousas e tal... Ben, eu, en todo caso, o meu compromiso, xa digo, de convocar as comisións, se non se convocan por parte de..., efectivamente, en todo caso, se hai algunha comisión que non se convoque no seu día, e si, efectivamente, non hai causa xustificada, eu lle pido á oposición, o mesmo que se xunta agora para facer isto, pois que se xunte e nomee representante, que veña falar comigo e entón a convocarei eu, se non está convocada; ese é o meu compromiso, porque creo que esa é a forma de facer as cousas. De todas formas, xa digo, non é para tampouco xustificarme ante ninguén, xa digo, creo que teño máis que xustificada a miña eficacia ao fronte deste Concello, e, polo tanto, serán os veciños no seu día quen dirán se fixen ben ou se fixen mal. En todo caso, pois iso, se somete a votación.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Imos ver, a quen lle corresponde, por competencias ademais, controlar aos seus presidentes de comisión é ao alcalde, que é quen o ten que levar, porque nos pos na posición de “chiveta, chiveta, cara de escopeta”.

**Sr. Alcalde:** Non me refería a iso.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Entón, eu creo que non é así, a ti che corresponde a obriga de..., sabes, ademais, que en máis dun pleno se falou desa cuestión, nós xa a dicimos dende agora, e así o dixemos ademais cando se plantexou a cuestión, eu creo que por todos os grupos municipais, o certo é que houbo ese compromiso previo do alcalde, sen entrar en debates, e a cousa frouxea.

En todo caso, nós, con claridade, o que sometemos a votación agora é a revogación do acordo plenario do 3 de xullo do ano 2007, o primeiro punto da moción; iso é o que sometemos a votación

Rematado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, por oito votos a favor (3 PSOE, 3 PP, 1 EU-IU, 1 IPM), catro votos en contra (4 BNG) e unha abstención (1 sr. Alcalde), acorda prestar a súa aprobación á moción relativa ao asunto epigrafiado e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Revogación do acordo plenario do día 3 de xullo do ano 2007, tomado no punto da orde do día núm. 9, referente a retribucións, asistencias e indemnizacións aos membros da corporación, no apartado da proposta a) dedicación exclusiva: Alcalde: retribución anual: 30.000 €, pagadoiros en 14 mensualidades.

### **3.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO BNG SOBRE TARIFA NOCTURNA.**

**Sr. Bouza Rey:** Ben, xa todos e todas a tedes, a paso a ler.

“MOCIÓN:

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Dende o ano 1983, estableceuse no Estado Español a denominada Tarifa Eléctrica 2.0 N (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.*

*Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como son: acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc., que se poden usar de noite.*

*A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsable e solidario, e obrigou á instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.*

*O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estímase en 5,3 kw. de media para os clientes desta tarifa.*

*Actualmente, no Estado hai, aproximadamente, 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido á súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do conxunto do Estado.*

*A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 ate o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, máis o cambio fundamental está en que “os/as consumidores/as acollidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada”.*

*É dicir, a partires do 1 de xullo do 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.*

*Con este Real Decreto obrígase aos/ás clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ao 49%.*

*Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, máis para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 euros por cliente. Uns 200 euros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 euros na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuítos de calefacción independentes entre si.*

*Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno e se continúa pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa Tarifa Nocturna no pasaba.*

*Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións en Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as e empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.*

*Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte ACORDO:*

*Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.”*

Rematadas as intervencións sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á moción anteriormente transcrita.

#### **DELIBERACIÓN:**

**Sr. Alcalde:** Ben, ábrese unha quenda de intervencións, os grupos que queiran intervir...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Sobre o tema da tarifa eléctrica que tanto se ten falado ultimamente polas medidas levadas a cabo polo goberno central, a nós nos parece unha máis desas medidas das proclamadas políticas progresistas, que tanto se poñen ao lado das familias e dos traballadores fronte aos grandes imperios eléctricos. Isto ven a consecuencia de que se fala cun dobre discurso, cando se di que o PP fai políticas de dereitas ou de esquerdas, isto non é máis que unha falacia ao falar porque certamente o goberno socialista, neste caso, non fai máis que aumentar a presión económica sobre as familias, si xa non era máis, aínda se cabe, de todas estas subidas e esta posibilidade de meter dunha maneira indirecta unha carga maior sobre os impostos, pois estes sempre os imos repercutir nos usuarios; creo lembrar tamén que aquí na comarca de Ferrol son case trece mil usuarios ou algo máis os que se verían afectados por esta medida, e en España serían moitos centos de miles. Loxicamente esta indefensión dos usuarios ven como consecuencia do que dixemos, dunhas medidas, baixo o noso punto de vista, que veñen a compensar o gran, xa, volume de rendas que xa teñen as grandes eléctricas e entendemos que si ben é unha medida que vai afundir aínda máis as economías domésticas, é unha medida impopular e certamente non o vemos como unha medida de progreso.

Certamente imos apoiar a moción pero, certamente, creemos que non vai ser viable por un motivo moi sinxelo, é porque isto supón xa uns acordos tarifados coas grandes eléctricas e non creo que teña volta atrás; en todo caso, nós nos sumamos a tantas familias prexudicadas e instamos ao goberno da nación a que cambie esta política que non fai máis que afundirnos aínda máis con impostos indirectos.

#### **4.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO BNG SOBRE APOIO AO POBO SAHARAUÍ.**

**Sr. Bouza Rey:** Temos todos e todas unha copia da moción, entón, si me podo saltar todo o que é a exposición de motivos e ler o que son os acordos, pois moito mellor. Entón os acordos que se traen ou que propón o BNG ao Pleno da Corporación Municipal son catro puntos.

“ACORDOS:

1.- *Manifestar o apoio do noso Concello ao pobo saharauí, expresando a condena pola ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamando a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís.*

2.- *Reclamar ao Goberno Galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a esixencia de cumprimento por parte de Marrocos das resolucións de Nacións Unidas.*

3.- *Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática, e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados de Tinduf.*

*4.- Acórdase dar traslado destes acordos ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno Español, Ministro de Asuntos Exteriores, Portavoces dos Grupos Parlamentarios do Goberno Galego e do Congreso dos Deputados, Embaixada de Marrocos en España, representante do fronte Polisario en Galiza, e Presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.”*

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre o asunto epigrafiado e obrante no expediente, e, en consecuencia, adoptar os acordos anteriormente transcritos.

### **DELIBERACIÓN:**

**Sr. Fernández Ameneiro:** Como non podía ser doutra maneira, dende o grupo socialista imos apoiar a moción, simplemente nos gustaría que se fixeran un par de modificacións: no punto 3, onde pon “reclamar do Goberno Español...” nós recortaríamos o do recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática, e que puxera: “Reclamar do Goberno Español o impulso no ámbito internacional o incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados de Tinduf”, porque non nos parece procedente que cando se pide un referendo de autodeterminación..., teríamos que esperar a que se dera ese referendo e unha vez que se producira o referendo de autodeterminación e sabendo o que decidira o pobo saharauí, logo creo que procedería o do recoñecemento da República Árabe Saharauí; e por outra parte, no punto catro, onde di: “Acórdase dar traslado destes acordos ao Presidente e Vicepresidente da Xunta”, creemos que está de máis o do Vicepresidente da Xunta, creemos que o que procede é trasladar os acordos ao Presidente da Xunta, Presidente do Goberno Español, Ministro de Asuntos Exteriores, etc., etc... Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Un pouco para aclarar a Juan, porque fai unhas propostas que..., a República Árabe Saharauí xa está recoñecida por varios países e forma parte da O.E.A.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Pero si estamos pedindo autodeterminación..., eu non teño inconveniente ningún en que quede, nese caso, pero si estamos pedindo autodeterminación, agardemos a que se manifesten os saharauís, e logo, tras o que decidan, apoiar a República.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): A ver, como parece que a Mohamed lle saúu un defensor pois nós imos defender á outra parte e imos propoñer ao relator da moción que nós o votamos si mantén o texto, ben..., non temos problema en que saque o do Vicepresidente da Xunta, que para nós é irrelevante no tema da moción; si o saca, lle da consistencia á Xunta e se non, reflexa o bipartito. Nós non temos máis problema nese sentido. En todo caso, co punto número 3...

**Sr. Alcalde:** Non, as relacións institucionais entre nacións lle corresponden...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): A ver, estou dicindo que nos é indiferente que se manteña ou que non, pero nós solicitamos ao relator, para obter o voto afirmativo de Esquerda Unida, que se manteña o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática, porque ademais nestes momentos exerce a presidencia da Organización de Estados Africanos,

están negociando con Marrocos e sería moi importante que España xogase un papel en vez de favorable a Marrocos o xogara a favor da súa ex-colonia e cumprira os compromisos e as resolucións da ONU; polo tanto para nós é importante que se manteña e votaremos a favor.

**Sr. Alcalde:** Ben, eu penso que tamén no segundo punto ven recollido o das resolucións de Nacións Unidas e iso...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Non, non, pido que se manteña igual.

**Sr. Alcalde:** Ah, vale, vale, crin que dicías que... O relator ten a palabra.

**Sr. Bouza Rey:** Nós seguimos mantendo a moción como ven exposta.

**Sr. Alcalde:** Ben, se non hai máis palabras sometemos a votación tal como ven exposta a moción, e logo a proposta que fai o PSOE si..., ben, entón estame indicando aquí o secretario que se non se acepta a emenda se vota xa a moción tal como está.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Quero dicir que non quero que haxa ningún tipo de polémica, nós imos votar exactamente a moción, simplemente queríamos..., si procedía facer esa modificación, pero en todo caso nós estamos a favor.

**5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 794/2007, 795/2007 E 8/2008, SOBRE NOMEAMENTO DE D. XOSÉ XOÁN ROCA LORENZO COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E 3º TENENTE DE ALCALDE, PRESIDENTE DE COMISIÓN INFORMATIVA E DELEGADO DE PROTECCIÓN CIVIL, RESPECTIVAMENTE.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía de que deseguido se transcriben:

*a) RESOLUCION DA ALCALDIA Nº 794/2007, de 18.09.07.- Unha vez tomado coñecemento polo Concello Pleno, na sesión celebrada o día 19.11.2007, da renuncia presentada polo concelleiro sr. Moisés Rivadulla Fernández, membro da Xunta de Goberno Local e 3º tenente de alcalde deste Concello en virtude do nomeamento efectuado mediante a Resolución da Alcaldía nº. 373/2007, de 19.06.07, e efectuada a toma de posesión do concelleiro D. Xosé Xoán Roca Lorenzo, integrado na lista de candidatos do BNG, na sesión plenaria do 11.12.2007, estimo procedente efectuar un novo nomeamento.*

*E de conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigos 61 e 62 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o 29 do Regulamento Orgánico Municipal, e os artigos 46 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:***

**PRIMEIRO.**- Nomear para que integre a Xunta de Goberno Local así como 3º tenente de alcalde ó Concelleiro sr. XOSÉ XOÁN ROCA LORENZO, cos efectos previstos, en canto á substitución desta Alcaldía, na Resolución nº. 373/2007, de 19.06.07.

**SEGUNDO.**- Notifíquese persoalmente ó nomeado a presente Resolución, publíquese no Boletín Oficial da Provincia e dese conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da sinatura da mesma.

**b) RESOLUCION DA ALCALDIA Nº 795/2007, de 18.09.07.-** En exercicio das atribucións que me outorgan os artigos 23.4 da lei 7/ 85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 42 do Regulamento Orgánico Municipal, e 125 e 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente **RESOLVO:**

- **Primeiro.-** Nomear Presidente efectivo da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques, ao seguinte Concelleiro:

D. JOSÉ JUAN ROCA LORENZO:

Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente ós interesados para a súa aceptación, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data da mesma.

**c) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 8/2008, de 09.01.08.-** Visto o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, aprobado polo Pleno da Corporación en data 29.12.2000 (B.O.P. núm. 26/01.02.2001), que dispón que “o exercicio destas competencias ten que levarse a cabo fundamentalmente mediante actuacións dos concellos e dos alcaldes coa colaboración dun concelleiro-delegado de protección civil”, e tendo en conta o cambio habido na Corporación Municipal, e concretamente no grupo de goberno tras a dimisión do concelleiro D. Moisés Rivadulla Fernández, anterior concelleiro delegado de protección civil, pola presente **RESOLVO:**

1.- Nomear concelleiro-delegado de Protección Civil ao 3º tenente de alcalde Don XOSÉ XOÁN ROCA LORENZO, delegando no mesmo o exercicio das miñas funcións e competencias nesta materia.

Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente ó interesado para a súa aceptación, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data da mesma.

#### **6.- DAR CONTA DO ESCRITO DO VOCEIRO DO BNG SOBRE REPRESENTANTES DO SEU GRUPO NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

O Pleno da Corporación dáse por informado do escrito presentado polo voceiro do BNG (R.E. 6.961/18.12.07) no que se comunican os representantes do grupo municipal do BNG nos distintos órganos municipais: comisións informativas, mesa de contratación, xunta de voceiros e comisión especial de contas.

#### **7.- DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVO DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura polo sr. alcalde-presidente, así como das solicitudes para que se faga chegar este pésame ás familias das vítimas, e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

#### **8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 754/2007 Á 828/2007, E 1/2008 A 32/2008.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da alcaldía núm. 754/2007 á 828/2007 e 1/2008 á 32/2008, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

**Sr. Alcalde:** Ben, e como se trata dun pleno extraordinario, e non hai rogos e preguntas, polo tanto se levanta a sesión. É unha sesión extraordinaria, polo tanto hai un erro aí. Non hai problema, veña, non pasa nada, para que non se diga que hai mal talante, a pesar de que xa non estou cobrando hoxe. Veña. Ben, ábrese a quenda de rogos e preguntas, por orde de petición, Pilar, tes a palabra.

### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Teño tres, o primeiro non é nin rogo nin pregunta e, polo tanto, é darlle a noraboa ao alcalde porque cumpriu un dos acordos da xunta de voceiros en canto á retirada da dirección de obras que tiña Xulia Cortizas en Mugardos, de obras municipais, e que, polo tanto, as retirou, que o vimos na resolución da alcaldía; polo tanto, noraboa por cumprir o acordo da xunta de voceiros.

E dúas preguntas, unha é un rogo, e é que na seguinte xunta de voceiros, sen que sexa extraordinaria, e dados os escritos que nos chegaron a nós e supoño que ao resto, hoxe pola mañá, da contestación do Colexio Oficial de Arquitectos e da Deputación da Coruña, que poida ser introducido, ou na comisión de urbanismo, quero dicir, ou como proceda, que poida ser introducido para ver cómo se fai co acordo plenario do día 17 de decembro e, polo tanto, que solución se lle da.

E a pregunta é: Nós queremos saber se o concello está persoado xa, en cumprimento do acordo do pleno, se ten iniciado os trámites, se o concello ten avogado e ten procurador, cómo está esa situación.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido di): Bos días. Ben, eu teño unhas preguntas. En primeiro lugar queredamos saber qué xestións se fixeron para que os veciños de Franza poidan gozar do local da agraria, que lembramos que se aprobou en Pleno o 28 de setembro, entón parece ser que non lle ven moita urxencia a isto, pasaron xa uns cantos meses.

Tamén cándo se vai desafectar a escola de San Xoán, que isto se aprobou en Pleno de 25 de outubro.

Por outra parte, cándo van cobrar as asociacións as subvencións do pasado ano.

E cándo se van facer tamén os arranxos que necesitan tanto o Colexio de Catro Camiños como o Apelón, falo de persianas, falo de manillas, falo de billas, falo de fonte, falo de fiestras que non abren, que son cousas bastante necesarias, non demasiado caras, nin demasiado complicadas de facer, pero que non se están solucionando.

E por último, a ver a qué esperamos para solucionar o caso do animador deportivo, que lembremos que a sentenza saíu en novembro, que o Tribunal Superior de Galiza o notifica ao procurador avogado do Concello nun prazo duns tres días, e que si aínda o Concello non recibiu a sentenza, pois ben..., mal avogado temos nese caso. E non teño nada máis, grazas.

**Sr. Varela Deibe:** Eu rogo, pregunta-rogo, primeiro, na rotonda de Rilo, quen ten competencias? É cousa municipal ou de estradas? Si me contesta, despois fago o rogo.

**Sr. Alcalde:** Está claro que é de estradas.

**Sr. Varela Deibe:** De estradas. O alumado, tamén?

**Sr. Alcalde:** Tamén, todo, non sei si no seu día se entregará ao Concello, pero de momento...

**Sr. Varela Deibe:** Entón eu fago un rogo, que se inste a Obras Públicas ou á COTOP para que ilumine a rotonda de Rilo, porque o caos que hai montado alí xa polo xeroglífico que fixeron alí se agrava cando é de noite, iso xa é impepinable, polo menos baixo o meu punto de vista, que as preguntas son persoais, e o rogo, e, polo tanto, é o meu punto de vista, ao mellor estou equivocado.

E quería facer outro rogo, ou rogo-pregunta tamén, e é qué pasa do Clube do Mar, a ver si se vai reparar algo, qué se lle vai facer a iso, porque iso parece ser que está cada vez en peores condicións.

**Sr. Alcalde:** Isto que é, un rogo ou unha pregunta?

**Sr. Varela Deibe:** O que queiras. Encádrao onde queiras. En rogo, que se faga algo.

**Sr. Alcalde:** Ben, con respecto á primeira pregunta que fixo Pilar, non hai ningún problema en ir a comisión o tema ese, en todo caso eu diría mellor que fose á comisión de investigación porque é a que lle corresponde, digamos, facer esas cousas agora, digo eu. Dar conta alí? Ben, non hai ningún problema.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Eu digo nalgún órgano Colexiado do concello. Dáme igual que vaia a urbanismo, que a facenda, que á xunta de voceiros...

**Sr. Alcalde:** Vale, vale. Despois, con respecto a si o Concello está persoado, non está persoado porque parece ser que non se pode persoar, entón non está persoado.

E logo con respecto ás xestións do local da cámara agraria dicir que hai un compromiso por parte da Consellería do Medio Rural de permitir que se faga ese acondicionamento para que poida darse uso como local social da parroquia de Franza e, ao mesmo tempo, que a asociación de veciños poida tamén desenvolver alí as súas actividades, o que pasa é que sempre xurde un problema, que está aí iso, abandonado de moitos anos, e cando queres facer algo aparece un problema, non é grave pero aparece un problema, e é que hai que contar co permiso de Patrimonio, porque non está dado en propiedade ao Concello, entón Patrimonio ten que autorizar facer esas obras. Nós tiñamos mandado unha memoria valorada das obras, porque a subvención que vai dar Medio Rural non é unha subvención moi elevada, creo que son 60.000 euros; entón o que se vai facer alí é acondicionalo para que se poida usar, entón nos pedían un proxecto, e eu creo que facer un proxecto para facer alí catro tabiques e tal, e pintar..., entón lles fixen saber que cunha memoria sería suficiente e creo que están nesa tramitación de si aceptan a memoria ou si..., quedaron de contestarme pero non me contestaron, pero xa digo, onte mesmo aínda chamei

a Patrimonio para que contestara xa porque está aí parado e a subvención, xa digo, está concedida.

Logo nos outros temas, nas outras preguntas, que fai Begoña, en todo caso penso que son preguntas de comisión, no caso de cando van cobrar, creo que está metido para a próxima Xunta de Goberno aprobar os gastos correntes que hai do Concello e creo que está o das subvencións, pero, en todo caso, digo; e logo, o de animador deportivo estamos neso, estamos estudando de qué formas, si convocamos outra vez a Mesa, si pasamos outra vez a baremar, digamos, o que a sentenza nos insta a facer, pero tampouco non é por cuestión de deixalo aí e pasarse; sabedes que agora mesmo hai cantidade de choio, non chegou a sentenza pero podíamos traballar tamén sobre ela, que non pasa nada, a coñecemos pero podemos traballar sobre ela porque a coñecemos, aínda que non chegou, non estamos obrigados, digamos, a executala, mentres non chegue non estamos obrigados, pero podíamos traballar sobre ela e estamos barallando a posibilidade, en canto chegue, de convocar outra vez a Mesa e logo, pois iso, baremar o que lle corresponde e punto.

Sobre o do Clube do Mar, pois xustamente antes de vir para aquí, para o Pleno, chamoume a Directora Xeral de Deportes, en base a un escrito que lle mandei recentemente, e me dixo que ben..., que o tiñan en consideración e que van ter, por vía subvención, non sei canto diñeiro lle van dar, pero si a Dirección Xeral de Deportes o vai ter en conta para darlle unha subvención para amañar o Clube do Mar. Iso é o que me dixo a min a Directora Xeral a día de hoxe.

Algunha pregunta quedou sen responder? O de San Xoán? Ben, o de San Xoán non sei si Carolina pode responder mellor ou... Carolina estame dicindo que están en trámites e que leva o seu tempo. En todo caso, a ver..., iso é unha cousa que, efectivamente, nós podemos instar para que nos cedan, nola dean en cesión, pero esa é unha decisión da Consellería de Educación. En todo caso, eu xa dixen que no momento en que se faga esa cesión non vai haber ningún problema en que os veciños de San Xoán poidan utilizala, incluso os propios directivos tamén da sociedade tamén pediron para poder ensaiar, sobre todo cando ensaia a escola de gaitas que teñen para que non estea alí na sociedade e poidan ensaiar alí, e que, dende logo, non hai ningún problema para que así se poida facer, ao menos que a collamos e a ocupemos e decidamos nós xa ocupala, pero ben... creo que hai que seguir os cauces e tan pronto veña se poderá utilizar para os fins que queiran, tanto a sociedade como a asociación de veciños de San Xoán.

Ben, se non hai máis cousas se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as 13,10 horas do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace  
O ALCALDE,